

NOTA DA VIGAIRÍA DE PASTORAL

SOBRE AS RESTRICCIÓNS PUBLICADAS NO DOG O 07-05-2021

O 9 de maio cesou en España o “Estado de alarma” decretado o 25 de outubro de 2020. Desde ese momento corresponde ás comunidades autónomas tomar as medidas que consideren *“necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido, que non é outro que o de controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa”*.

Para cumprir esta finalidade a Xunta publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) do día 7 do presente mes unha serie de disposicións que estarán en vigor desde o 9 ata o 22 de maio, malia que algunhas destas disposicións, que afectan a dereitos fundamentais, deberán ser ratificadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

MARCO DE REFERENCIA

Para valorar e aplicar este conxunto normativo temos que considerar dous criterios xurídicos e dous pastorais.

O primeiro criterio xurídico apela ao principio *pro homine*; principio hermenéutico que interpreta de maneira máis favorable e menos restritiva as normas que afectan a dereitos fundamentais.

Neste caso quere dicir que se de forma explícita non se prohíbe unha actividade, esta pódese realizar; outra cuestión será como realizala.

O segundo criterio ven exposto no propio DOG do día 7. A disposición primeira di:

En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

A estes dous criterios engadimos outros dous de carácter pastoral.

O primeiro deles sería intentar volver á “presencialidade normalizada” dentro do marco legal establecido.

Para nós a reunión presencial dos crentes ten un sentido teolóxico, xa que nela exprésase a comunión do corpo eclesial de Cristo. A comunidade reunida visibiliza o rostro do Señor no rostro dos bautizados.

Polo tanto intentar “normalizar” as nosas celebracións non só é un desexo senón tamén unha necesidade, pero que debemos realizar con respecto ás leis.

O segundo criterio é o da “prudencia pastoral”. O “pastor” non pode reducir a súa función á aplicación dunha norma sen máis criterio que o legal; a acción pastoral esixe discernimento para aplicar a cada caso, situación ou persoa, a medida máis axeitada. Este criterio da “prudencia” tamén o haberá que ter moi presente nunhas circunstancias como estas onde non todo está regulado e onde a situación será cambiante.

NIVEIS DE RESTRICIÓN

En función dunha serie de parámetros técnicos (situación sanitaria e presión nas UCI, taxa de incidencia por cada cen mil habitantes a 7 e 14 días, criterios demográficos e ritmo de vacinación), o DOG do 7 de maio establece catro niveis de restrición:

Nivel Máximo (A)

Neste nivel decrétase: o peche perimetral; o toque de queda entre as 23 e as 6 horas; e só se permite a reunión, tanto en espazos públicos como pechados, de persoas conviventes.

Neste nivel o aforo das igrexas queda reducido ao 33%.

Na nosa diocese non hai, ata o de agora, ningún concello neste nivel.

Nivel Alto (B)

Permítese a reunión de 4 persoas en espazos pechados de uso público e de 6 en espazos abertos de uso público.

Entre as 1 e as 6 horas as agrupacións de persoas quedan limitadas unicamente a conviventes.

Neste nivel o aforo das igrexas é do 50%.

Na nosa diocese están neste nivel: Gondomar e Salceda de Caselas.

Nivel Medio (C)

Permítese a reunión de 4 persoas en espazos pechados de uso público e de 6 en espazos abertos de uso público.

Entre as 1 e as 6 horas as agrupacións de persoas quedan limitadas unicamente a conviventes.

Neste nivel o aforo das igrexas é do 50%.

Na nosa diocese están neste nivel: Fornelos de Montes, Nigrán, O Porriño, Soutomaior, Tomiño, Tui e Vigo.

Nivel Medio-Baixo (D)

Permítese a reunión de 4 persoas en espazos pechados de uso público e de 6 en espazos abertos de uso público.

Entre as 1 e as 6 horas as agrupacións de persoas quedan limitadas unicamente a conviventes.

Neste nivel o aforo das igrexas é do 50%.

Na nosa diocese están neste nivel o resto dos concellos non nomeados anteriormente: A Cañiza, A Guarda, A Lama, As Neves, Arbo, Baiona, Covelo, Crecente, Oia, O Rosal, Pazos de Borbén, Pontearreas, Pontecaldelas, Redondela, Salvaterra do Miño, Mondariz, Mondariz-Balneario e Mos.

NORMAS ESPECÍFICAS

O DOG do 7 de maio establece normas específicas para:

Lugares de culto.

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o **50% da súa capacidade**, salvo nos concellos recollidos na letra A do anexo II [nivel máximo], en que non poderá superar o terzo da súa capacidade. Deberá garantirse, en todo caso, o **mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas asistentes**.

A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Deberán establecerse medidas para **ordenar e controlar as entradas e saídas** aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

4. Nas actuacións e nas actividades de ensaio que impliquen a participación de **coros e agrupacións vocais** de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersonal entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público. Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación e nas actividades de ensaio.

5. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en conta as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberanse observar as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) Procurarase **manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes** entre si e co público asistente e o uso de máscara será obrigatorio consonte o disposto no punto 1.4 do anexo I desta orde.

b) **Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados** ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.

c) **Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións** de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

d) **Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos** ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

e) **Non se permitirá o uso de auga bendita** e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.

[Esta norma non se pode interpretar en sentido maximalista porque iso impediría incluso bautizar; enténdese que fai referencia á auga das pías situadas nas entradas das igrexas]

- f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a **distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos** ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.
- g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.
- h) Limitarase ao **menor tempo posible** a duración dos encontros ou celebracións.
- i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións **evitarase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción** ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

Velorios e enterros

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes, e 25 persoas no exterior, sexan ou non conviventes.
2. **A participación na comitiva para o enterramento** ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a **un máximo de 25 persoas**, sexan ou non conviventes, ademais de, se é o caso, o ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.
3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no punto 1.4 do anexo I desta orde.

Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís

As cerimonias nupciais e demais celebracións relixiosas ou civís **deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención** que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.

[Por outras cerimonias relixiosas podemos entender comuñóns, confirmacións, ordenacións... A excepcionalidade desas cerimonias non as exime de cumprir as normas xerais]

Festas, verbenas, outros eventos populares

Mantense, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares.

Actos institucionais ou académicos

- Nos concellos de nivel A B e C, o 30% da capacidade máxima do local, sen superar o máximo de 75 persoas en lugares pechados e de 150 en actividades ao aire libre.
- Nos concellos coa letra D un máximo de 150 persoas en lugares pechados e de 300 en actividades ao aire libre.

Museos e visitas guiadas

- Nos concellos de nivel A B e C, poderanse facer actividades presenciais sen superar o 30% da capacidade máxima permitida.
Nas actividades de grupo, un máximo de 4 persoas excluído o guía.
- Nos concellos coa letra D, a capacidade máxima permitida será do 50%.
- Nas actividades de grupo, un máximo de 4 persoas excluído o guía.

Visita a enfermos

Os enfermos hospitalizados convén que sexan atendidos só polos capeláns hospitalarios, xa que están familiarizados cos protocolos de seguridade.

A visita aos enfermos no seu domicilio farase cumprindo sempre as normas de prevención.

Horario de peche das igrexas

Non se di nada de maneira explícita, tal vez porque na mente do lexislador non está contemplado que as igrexas teñan horario nocturno.

Como criterio poderíase establecer as 23 horas. En calquera caso a norma prohibe xuntanzas de non conviventes entre as 00,1 e as 00,6 horas.

Campamentos

A norma do 12 de xuño de 2020 permite facer actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil cunha serie de condicións.

Catequese

*En moitas parroquias xa está rematando a catequese e comezando as celebracións sacramentais; con todo sería bo valorar a posibilidade de **ampliar a catequese e rematala co curso escolar.***

*A catequese **presencial nas aulas**, ou en espazos similares aos escolares, pódese facer en grupos de catro catequizandos máis o catequista.*

*Tamén se pode facer **no interior do templo** como continuación do acto de culto e distribuíndo aos nenos de tal maneira que cumpran coa norma que rexe para as igrexas.*

ACTOS DE CULTO NO EXTERIOR

No DOG do 7 de maio non aparecen regulados os actos de culto en espazos públicos. Temos que entender que ao non estar restrinxidos están permitidos, pero cumprindo coa normativa do 12 de xuño de 2020, onde se establecía que se se queren **facen actos de culto no exterior (Misas ou procesións), hai que pedir permiso -convén que sexa por escrito- á autoridade municipal, aínda que os actos se celebren no adro propiedade da igrexa:**

“A utilización do exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto deberá ser aprobada pola autoridade municipal correspondente, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara” (DOG 13-06-2020).

Nese caso, ademais, é a entidade organizadora a encargada de que se cumpra coas normas esixidas pola lei; o permiso municipal non exime dese cumprimento.

Así as cousas e a modo de suxestión propoño que:

- **Se dialogue coas autoridades locais, confrarías ou comisións de festas** para valorar a conveniencia e posibilidade de celebrar as romarías e procesións.
Neste diálogo tense que ter presente:
 - a concorrencia de fieis; será máis doado organizar unha procesión de poucas persoas que outra multitudinaria,
 - e o percorrido; máis sinxelo un percorrido corto que outro moi longo.
- **Se clarifique quen é a entidade organizadora:**
 - se é a parroquia eclesial queda a xuízo do párroco asumir ou non a organización deses actos e polo tanto a responsabilidade dos mesmos.
 - no caso de que a entidade organizadora sexa o concello, a confraría ou a comisión, o párroco colaborará na medida das posibilidades.
- **Se propoñan, con creatividade, alternativas:** que se valore acortar os percorridos ou que só asistan á procesión un número limitado de persoas. Tamén se pode pensar noutras opcións como por exemplo que procesione só a imaxe mentres os fieis a acompañan co rezo desde o lugar da celebración, ou que os fieis, en vez de acompañar á imaxe andando, estean parados ocupando o percorrido da procesión e mantendo a distancia de seguridade, de xeito que só se move a imaxe.

En caso de dúbida, o DOG do 7 de maio ofrece como organismo de consulta a DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA, á que haberá que solicitar permiso no caso de grandes eventos que congreguen un importante número de persoas.

Como podedes supoñer resulta imposible ofrecer unha norma xeral para situacións tan diversas como as que se dan na nosa xeografía diocesana e que poderán ir cambiando segundo os datos de evolución da pandemia. En todo caso poñémonos á vosa disposición.